

6. De cada sesión elaborárase a correspondente acta asinada polo secretario co visto e prace do presidente. A acta conterá, como mínimo, a relación de asistentes, o lugar, a data e a hora da sesión, os asuntos da orde do día, as principais intervencións, resultados das votacións e os acordos acadados.

A acta remitirase aos membros da comisión xunto coa convocatoria e a orde do día da sesión seguinte, para os efectos da súa aprobación se procede.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2010.

María Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Decreto 57/2010, do 8 de abril, polo que se crea o Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.

A protección da saúde pública é un referente inescusable da produción alimentaria. Concretamente, no ámbito da produción leiteira, o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, establece a normativa básica de controis, en aplicación das disposicións do Regulamento (CE) 854/2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e do Regulamento (CE) 882/2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, ambos do 29 de abril e do Parlamento Europeo e do Consello.

Neste marco configúrase un programa obrigatorio de autocontrol nas explotacións e nos centros lácteos baixo a responsabilidade das persoas operadoras autorizadas e sometido á supervisión da autoridade competente a través dun plan de control oficial que recolle controis aleatorios a explotacións e controis dirixidos tras a constatación de resultados positivos a residuos de antibióticos. Este programa garante razoablemente a seguridade do leite que chega ao consumidor. Porén, o mercado europeo valora cada día máis a produción de alimentos baixo sistemas integrais de calidade, que consideren a sanidade e benestar animal mais a protección ambiental.

Os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da calidade da produción. O seu esforzo continuado en materia de sanidade animal, seguridade alimentaria, respecto ao ambiente e aproveitamento racional dos recursos forraxeiros propios da explotación, sustentan un modelo de xestión que goza do recoñecemento xeral do mercado. Aínda máis, a experien-

cia demostra que unha parte importante das explotacións galegas acadan parámetros de calidade no leite que producen que supera os mínimos exixidos polo Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, incorporando un concepto de excelencia que cómpre salientar.

A creación dun rexistro público informativo de explotacións leiteiras que, no marco dos controis oficiais efectuados pola Xunta de Galicia, demostran acadar de xeito continuado uns parámetros de calidade superiores aos exixidos pola norma comunitaria, achegará transparencia ao mercado e contribuirá a revalorizar as ganderías que traballan co obxectivo de ofrecer ao consumidor un produto de alta calidade. Ademais, proporcionará ao sector un instrumento de referencia tanto en canto á consecución de determinados parámetros de calidade respecto do sector produtor como na selección da materia prima necesaria para a transformación, comercialización e venda de produtos de calidade diferenciada para o sector industrial, na liña establecida pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria, en canto que contribúe ao establecemento de medidas para favorecer as iniciativas de colaboración e interacción entre o sector produtor e a industria láctea.

Por proposta da persoa titular da consellería do Medio Rural, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de abril de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto a creación do rexistro informativo de explotacións leiteiras de calidade diferenciada no cal se inscribiran de oficio as explotacións leiteiras que, no marco do plan de controis oficiais da calidade do leite cru de vaca efectuados polos servizos veterinarios da Xunta de Galicia, superen os parámetros de calidade exixidos por este decreto.

Artigo 2º.-Creación do Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.

Créase o Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada, como rexistro público informativo adscrito á consellería competente en materia de gandería e xestionado pola dirección xeral competente nesa materia, en que se recollen as explotacións leiteiras baixo supervisión e control dos servizos veterinarios da Xunta de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión da carta verde de saneamento gandeiro.

b) Dispor dun historial de cumprimento acreditado dos seguintes parámetros de calidade no leite:

-Colonias de xermes a 30°C (por ml) = 90.000 (media xeométrica móbil observada durante un período de dous meses).

-Contido de células somáticas (por ml) = 350.000 (media xeométrica móbil observada durante un período de tres meses).

-Non se ter detectados nos últimos seis meses, nin en mostras oficiais nin en mostras de autocontrol, residuos de antibióticos.

c) Non ter sido obxecto de sanción por incumprimentos en materia de condicionalidade, sanidade e benestar animal e seguridade alimentaria durante os últimos seis meses, contados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza.

Artigo 3º.-*Organización do rexistro.*

O rexistro integrará os seguintes campos:

- a) Nome da explotación.
- b) Código REGA.
- c) Enderezo da explotación.

Artigo 4º.-*Inscripción no rexistro.*

1. A inscrición de explotacións no rexistro farase de oficio, unha vez constatado, para cada unha das explotacións, o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2º.

2. As altas notificaranse ás persoas titulares das explotacións interesadas por calquera medio que ofrezca constancia da súa recepción. No caso de existiren unha pluralidade de altas simultáneas, a publicación no *Diario Oficial de Galicia* substituirá a notificación persoal.

3. O rexistro será de acceso público na páxina web da consellería competente en gandería e presentárase nun formato de arquivo dispoñible para a súa descarga e utilización. Só o arquivo que figure na páxina web terá carácter oficial.

Artigo 5º.-*Incorporación de datos ao rexistro.*

1. Os laboratorios de análise rexistrados que realicen as actividades de control conforme o previsto no Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, e que estean radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán comunicar á dirección xeral competente en materia de gandería, no prazo establecido en cada caso, a seguinte información:

a) Para cada mostra de autocontrol analizada deberán comunicarse, nun prazo máximo de 24 horas desde o remate da análise, aqueles resultados en que se detecten residuos de antibióticos cos métodos establecidos.

b) Antes do día 10 de cada mes deberán comunicarse os datos relativos ás mostras tomadas en cada explotación no último período, correspondentes ás medias xeométricas móbiles dos parámetros células somáticas e colonias de xermes a 30º C, consonte os datos definidos no anexo II.

2. No caso de que as explotacións inscritas no rexistro non realicen as análises das súas mostras de autocontrol en laboratorios rexistrados e radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, a comunicación da información sinalada no parágrafo anterior será responsabilidade do titular da explotación.

Artigo 6º.-*Baixa no rexistro.*

1. Cando a partir da información do resultado das mostras oficiais, ou por outro procedemento, se coñeza que unha explotación rexistrada incumpre algún dos parámetros establecidos no artigo 2 deste decreto, recibirá unha comunicación da dirección xeral competente en materia de gandería relativa ao incumprimento detectado. Se o incumprimento se refire a células somáticas ou xermes, agardaranse tres meses para comprobar a súa evolución. De se manter o incumprimento, iniciárase o expediente de baixa no rexistro. Se o incumprimento é dalgún dos demais requisitos, o inicio do expediente de baixa será inmediato.

2. O inicio do expediente de baixa comunicárase á persoa titular da explotación para que nun prazo máximo de 10 días presente as alegacións que estime oportunas. Transcorrido tal prazo, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de gandería resolverá con carácter definitivo o mantemento ou a baixa da explotación no rexistro. Contra esta resolución poderá presentarse recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en gandería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da baixa definitiva. Cando a dita resolución adquira firmeza procederase a instar a actualización inmediata do arquivo dispoñible na páxina web.

3. Tras a baixa do rexistro, unha explotación só poderá volver a darse de alta transcorrido un prazo mínimo de 6 meses desde a data daquela, logo de solicitude da persoa titular da explotación de acordo co modelo que se achega como anexo I e unha vez verificado o cumprimento dos requisitos para a alta.

Artigo 7º.-*Tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.*

O tratamento automatizado dos datos de carácter persoal que se conteñan no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada realizarase de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais disposicións complementarias.

Artigo 8º.-*Réxime sancionador.*

O incumprimento da obriga de comunicación de resultados prevista no artigo 5º deste decreto poderá ser obxecto de sanción consonte ao réxime regulado na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional

Única.-*Control da calidade do leite cru.*

As actuacións para o control da calidade do leite cru de vaca producido, tratado ou transformado en Galicia, serán as establecidas no Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, esta-

blecamentos e contedores que interveñen no sector lácteo e o rexistro dos movementos do leite.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 31 de xullo de 1998 pola que se establecen as actuacións para o control da calidade do leite cru de vaca producido, tratado ou transformado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de produción agropecuaria

para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de abril de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS DE CALIDADE DIFERENCIADA

PROCEDEMENTO REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS DE CALIDADE DIFERENCIADA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR270A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA, FÍSICA OU XURÍDICA, TITULAR DA EXPLOTACIÓN

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		CIF / DNI	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

ORIXINAIS

☐ XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO DAS TAXAS

A persoa asinante **SOLICITA**: previos os trámites oportunos, ser dada de alta no **REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS DE CALIDADE DIFERENCIADA** e

DECLARA que coñece que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento e que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Medio Rural como responsable do ficheiro, conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Decreto 57/2010, do 8 de abril, polo que se crea o Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.
-Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.
-Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II**Información que se debe comunicar desde os laboratorios de análise**

A comunicación que deberán realizar os laboratorios de análise establecida no artigo 4.2º contera, como mínimo, a seguinte información:

* Información da explotación de orixe:

-Nome da explotación.

-REGA da explotación.

-Enderezo da explotación (con código postal, concello e provincia).

* Información da empresa responsable da recollida:

-Nome ou código.

* Información dos resultados das mostras:

-Colonias de xermes a 30º C (por ml).

-Data de toma de cada mostra e resultado.

-Media xeométrica móbil das mostras dos últimos dous meses.

-Contido de células somáticas (por ml).

-Data de toma de cada mostra e resultado.

-Media xeométrica móbil das mostras dos últimos tres meses.

-Explotacións con mostras insuficientes.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Resolución do 15 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 4 de xuño de 2009, pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 4 de xuño de 2009 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabili-

dade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

Finalidade da axuda. Estas axudas teñen como finalidade fomentar a corresponsabilidade e impulsar, así, o cambio dos roles diferenciados entre mulleres e homes, implicando estes últimos na atención e coidado dos seus fillos e fillas.

Norma reguladora. Resolución do 4 de xuño de 2009 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

Crédito orzamentario: 570.323 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312G.480.0.

Persoas beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: ver anexo.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2010.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO

Persoa beneficiaria		DNI	Importe
Abalo Raposo	Gonzalo	35466373M	2.025,00 €
Acevedo González	Beatriz	35468246S	2.700,00 €
Acosta Lara	Marcial	46906710G	2.400,00 €
Acuña Ríos	Ricardo	44088068N	2.400,00 €
Adrover Baz	María Dolores	7690231T	2.700,00 €
Alfaya Massó	David	36122148G	1.451,25 €
Alonso Dos Santos	Miguel Ángel	32823271V	2.400,00 €
Alonso García	Javier	44459161T	3.000,00 €
Alvar Rodríguez	José	34994015K	3.000,00 €
Álvarez Blanco	Francisco Javier	44808555R	3.300,00 €
Amoedo González	Daniel	36121876P	1.837,50 €
Andrade Uzal	José	78789838A	2.400,00 €
Antelo Castro	Oliver	78796800L	3.000,00 €
Araujo Montero	Ana	76711238M	2.400,00 €
Arcay Lousa	Francisco Javier	34899437L	3.000,00 €
Arcos Fraga	Eva	35460674X	2.301,00 €
Area Teijeiro	Ricardo	32795132F	2.400,00 €
Ares Oitavén	Julio César	77001752Y	2.400,00 €
Argul Rodríguez	Carlos	76576757M	2.400,00 €
Armán Couce	Pablo	32682900S	2.190,00 €
Baluja Ramos	José Ignacio	33285878W	3.258,75 €
Barral Rodríguez	Luis	32755583H	2.430,00 €
Bastos Gareia	María Begoña	36078859R	2.700,00 €
Becerra do Ejo	Carlos Francisco	44810780M	750,00 €
Bernardo Pereira	Cristiano	X7748276J	2.140,80 €
Boo Rey	Juan Carlos	52451761P	3.300,00 €
Borrazas Suárez	José María	79311688Y	2.700,00 €
Budiño Martínez	Salvador	35293832X	600,00 €
Cagiao Lagares	José Luis	32806717T	1.526,25 €
Camacho Cascajo	Gabriel	32825427B	2.700,00 €
Camaño Pérez	Bibiana	36163925J	2.700,00 €
Candal Romero	Juan Manuel	46906053Z	2.400,00 €
Carracedo	Pablo Enrique	32681379N	3.000,00 €
Carreira Ramos	Sergio José	79328423C	3.300,00 €
Carril Patiño	Marta	44086686X	2.025,00 €
Carril Patiño	Silvia	44086688N	2.160,00 €
Carro Vázquez	Roberto Carlos	32793004H	2.400,00 €
Castiñeira Canedo	Manuel	46895345R	2.400,00 €
Castro García	Marcos	33299079R	2.400,00 €
Castro Miragaya	Santiago	32650325P	1.800,00 €
Castro Sanjurjo	Diego	33299856L	2.371,63 €
Castro Vieites	Olga Mª	33294741X	2.700,00 €
Casuso Arceo	Juan José	44805769K	3.000,00 €
Cela Saavedra	Miguel Ángel	32651817M	2.700,00 €
Cid Gómez	Montserrat	34978551J	2.700,00 €
Cotelo Lema	María Luz	32812790R	3.000,00 €
Couñago Figueroa	Montserrat	77001221G	3.000,00 €